

# Aulaplaneta – EDIXGAL

Que elementos o conforman?

EDIXGAL

aulaplaneta

# Índice


Que elementos atoparasche en Aulaplaneta – EDIXGAL ........ 3
- Programacións de aula e avaliacións ........ 4
  - Programacións de aula ........ 4
  - Avaliacións ........ 4
- Unidades ........ 5
  - Que atoparás nunha unidade? ........ 5
- Área de traballo ........ 7
- Recursos educativos, propostas didácticas e actividades ........ 10
  - Recursos de aproximación teórica ........ 11
  - Recursos de exercitación e avaliación ........ 17
- Banco de contidos – Contorna de indagación ........ 22
  - Ferramentas do Banco de contidos ........ 22

Neste documento descríbense os elementos de Aulaplaneta dispoñibles en EDIXGAL. Coa axuda de imaxes explicámosche **cales son estes elementos**, cal é o seu **obxectivo e finalidade** principal e **onde podes atopalos** dentro do EVA.

Nos documentos da seguinte sección do curso, «Docente*: O día a día en EDIXGAL-Aulaplaneta*»*,* atoparás as funcionalidades específicas de cada un destes elementos, como interactúan co EVA e a súa aplicación didáctica na aula*.*

## Que elementos te atoparás en Aulaplaneta–EDIXGAL?

Para apoiar ao profesorado no seu labor e na consecución do seu obxectivo de cambiar e mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe, EDIXGAL incorporou os recursos e ferramentas de Aulaplaneta. Os elementos que forman EDIXGAL-Aulaplaneta son:

- Aqueles **documentos de programación e avaliación** que che servirán de guía e apoio para programar as túas clases e avaliar todo o aprendido ao longo do proceso.
- **Unidades** cunha secuencia de recursos e contido teórico que che axudarán a levar a cabo as túas clases.
- Un gran abanico de **recursos e actividades** que poderás utilizar para explicar, investigar ou propoñer exercicios ao teu alumnado.
- Unha **Contorna de indagación e consulta** onde o teu alumnado e ti poderedes pescudar de forma segura sobre todo aquilo que desexedes.

Todos estes elementos permitiranche conseguir a activación real da aula e poñer ao alumnado no centro da aprendizaxe.

# Programacións de aula e avaliacións

## Programacións de aula

Para aforrar tempo na planificación e organización da materia e para facilitar a elaboración da programación didáctica do curso, Aulaplaneta pon á disposición dos docentes as **Programacións de aula editables**.

Con este documento poderás preparar a programación didáctica de forma rápida, sinxela, personalizada e **axustada** á comunidade autónoma de Galicia.



## Avaliacións

En cada materia atoparás unha rúbrica editable que che axudará a avaliar o grao de adquisición e o nivel de desempeño dos teus alumnos e alumnas, dos **contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave** marcados polo currículo de Galicia, a partir dunha escala cualitativa. Mediante as matrices de avaliación establécense os criterios de valoración do proceso de aprendizaxe e enmárcanse aquelas capacidades que un estudante deberá demostrar ter adquirido.



Grazas a iso, poderás ter unha visión completa do progreso de cada estudante ao longo do curso, de forma parcial, global e por materias. É unha ferramenta perfecta para integrar a avaliación do desenvolvemento das competencias básicas desde unha visión transversal.

# Unidades

En todas as materias de Aulaplaneta-EDIXGAL atoparás unha listaxe de unidades curriculares que inclúen recursos, actividades e dinámicas, así como contido teórico, para conseguir activar a aprendizaxe e facer que os alumnos e alumnas se cuestionen, busquen e analicen información en diferentes contornas. Tamén se busca que traballen en equipo, creen e constrúan a súa propia aprendizaxe e, finalmente, que practiquen e consoliden todo aquilo que deben aprender.




Un dos obxectivos principais de Aulaplaneta-EDIXGAL é facilitar a tarefa docente a través de recursos curriculares dixitais, modulares e personalizables, para **preparar e dar as túas clases e para facer un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado**.

## Que atoparás nunha unidade?

Cando entres nunha unidade atoparás as distintas seccións das que se compón.




Tamén terás acceso ao índice lateral, para que che sexa moito máis doado acceder a cada sección concreta: a guía didáctica, as distintas pantallas de visualización (Actividades, Área de traballo e Caderno), a posibilidade de cambiar a visión a alumno, de editar a unidade, compartila, descargala en formato PDF e no ordenador.




O **indice** de todas as seccións para acceder a elas de maneira rápida.

Unha **guía didáctica** na que se presentan os obxectivos e os obxectivos competenciais e na que se desenvolve a estratexia didáctica de Aulaplaneta para cada tema.






A ferramenta **Xerar PDF** e **Descargar no ordenador**, para gardar a túa clase preparada no teu ordenador ou nunha memoria externa e evitar os riscos dunha mala conexión.

A ferramenta **Modificar o tema**, para personalizar as túas clases e para adaptar as secuencias didácticas propostas por Aulaplaneta ás necesidades da aula e á diversidade de estilos de aprendizaxe.



## Área de traballo

A **Área de traballo** é exclusiva do docente. Atoparás o **contido estruturado** mediante seccións e subseccións.

Nela atópase tanto o contido teórico como as actividades e os recursos contextualizados.

Na columna da esquerda atoparás todos os recursos da sección para poder preparar as túas clases, ocultando ou modificando os que necesite. O contido teórico vén tamén acompañado destes recursos contextualizados.




Na xanela de **Actividades** verás só os recursos e actividades no caso de que queiras centrarte en utilizar esta listaxe.




Estas visións serviranche para preparar as túas clases e o que queiras traballar cos teus estudantes. O contido que modifiques na Área de traballo quedará modificado tamén no **Caderno** que visualiza o alumnado.

Hai algunhas **seccións** da Área de traballo que se repiten en todas as unidades. Mostrámoschas a continuación:

1. **Introdución**: é a primeira sección que inicia todas as unidades. Nela alóxanse os distintos recursos que introducen e convidan a descubrir os contidos da unidade.



2. **Exercitación e competencias**: nesta sección atópanse actividades para que o alumnado aplique todo o aprendido na unidade. Son actividades competenciais que permiten transferir os coñecementos a outros contextos.




3. **Fin de unidade. Repaso:** O último apartado das unidades que visualiza o alumnado está formado polo mapa conceptual interactivo da unidade, unha autoavaliación que poderán realizar cando terminen o tema e un conxunto de webs de referencia para ampliar información e profundar na materia.




4. **Recursos complementarios do profesorado**: esta sección é exclusiva para o/a docente. Nela atoparás ligazóns de referencia, un banco de actividades, exames e outras propostas didácticas sobre como expor a unidade.



## Recursos educativos, propostas didácticas e actividades

Aulaplaneta-EDIXGAL ofréceche unha gran variedade de recursos, propostas didácticas e actividades que che axudarán a desenvolver as túas clases dunha maneira máis activa. Poderás atopar contidos audiovisuais atractivos para o teu alumnado, guías e propostas específicas de investigación e traballo en equipo e unha multitude de actividades de todo tipo que farán que o teu alumnado chegue a consolidar todo aquilo que está a aprender.

Pero para poder atender á diversidade e dar a posibilidade ao docente de adaptar ao máximo o seu material, dentro de EDIXGAL, poderás acceder a todos os recursos de todos os cursos, a través do buscador, cando queiras engadir unha actividade.

Os **recursos** que atoparás son os seguintes:

- Recursos expositivos activos
  - Interactivos e presentacións
  - Audiovisuais
  - Audios
  - Secuencias de imaxes
  - Animacións
  - Textos
  - Mapas conceptuais: interactivos e PDF
  - Cronoloxías
  - Simuladores
  - Laboratorios
  - Documentos adxuntos
- Actividades - Recursos de exercitación e avaliación
  - Actividades autocorrixibles
  - Actividades aleatorias
  - Actividades abertas
  - Ludificados
  - Actividades colaborativas
  - Proxectos disciplinares
  - Instrumentos e modelos de avaliación
  - Banco de actividades ou xerador de exames

## Recursos de aproximación teórica

Os recursos de aproximación teórica teñen como obxectivo traballar os contidos e competencias establecidos por currículo a través dunha proposta didáctica para o docente, que lle marca **que obxectivos de aprendizaxe** debe traballar, **como debe traballalos** e **con que medio ou recurso** o pode facer.

Os recursos de aproximación teórica están compostos polos seguintes elementos:




**O medio**: é o elemento multimedia que usarás na clase, ou propoñerás ao teu alumnado, e a súa **tipoloxía** (simulación, vídeo, audio, vínculo, secuencia de imaxes, texto etc.).

**O nivel de dificultade e unha descrición**: Hai tres niveles de dificultade. A descrición permítenos saber que tipo de actividade ou recurso é.

**Proposta didáctica**: presenta unha proposta didáctica **temporalizada** de actividades desde o individual e colectivo, a procura e o cuestionamento, a colaboración e a creación do seu propio coñecemento.



**Propuesta didáctica**

**Objetivo**

El objetivo de esta secuencia de imágenes es introducir el tema de la célula y comprobar los conocimientos previos que tienen los alumnos.

**Propuesta**

**Antes del visionado**

Para refrescar los conceptos más básicos de este tema, te proponemos que realices algunas preguntas a modo de introducción:

- ¿Sabéis de qué están formados los seres vivos?

- ¿Cuál es la parte viva más pequeña que los compone?

- ¿Todos los seres vivos tienen la misma composición?

**Durante el visionado**

Puedes explicar a partir de las imágenes las siguientes cuestiones:

- Qué es una célula.

- El origen de la palabra *célula*: proviene de *celda*, porque su distribución recuerda a las celdas de un panal.

- Para observar las células, es necesario el uso de un microscopio.

- Existen células vegetales y animales.

**Después del visionado**

Al finalizar el visionado de la secuencia de imágenes, puedes realizar las siguientes preguntas:

- ¿Cómo se llaman los seres que están formados por una sola célula?

- ¿Y los que están formados por más de una?

**Ficha de la actividad**

**Célula**

La célula es el elemento más pequeño de un ser vivo que puede actuar de forma autónoma. Es, por tanto, la unidad fundamental de la vida.

La célula puede tener diferentes tamaños, pero suelen ser tan pequeñas que solo pueden verse a través del microscopio.

**Seres unicelulares y pluricelulares**

Existen organismos vivos de dos tipos:

- **Unicelulares**, que están formados por una célula.

- **Pluricelulares**, que están formados en algunos casos por varios millones. En esta clase de organismos, las células están organizadas en tejidos y órganos, y realizan diversas funciones. Un ejemplo es el caso del ser humano, que tiene diferentes órganos como los pulmones, el hígado o el corazón, que están formados por tejidos. Asimismo, dichos órganos forman sistemas que realizan funciones diferenciadas.

**Tipos de células**

Las células están formadas por diferentes estructuras y orgánulos. Existen células de dos tipos principales:

- **Vegetales**.

- **Animales**.

Las principales partes de la célula son:

- **Membrana celular** o **plasmática**, que es la envoltura exterior de la célula que aísla y controla las sustancias que la han de atravesar.

- **Citoplasma**, que es la parte interna de la célula, formado por un medio fluido donde encontramos distintos orgánulos y cada uno tiene una función determinada.

**Ficha da actividade:** é o soporte teórico para o alumnado. Cando lles asignes un recurso, accederán a esta ficha.

Todos os recursos que presenta Aulaplaneta son para traballar e conseguir a aprendizaxe de **conceptos, datos e feitos, habilidades, actitudes, competencias e todos os procesos cognitivos** en diferentes niveis de complexidade. Os principais tipos son:

## *Interactivos*

Recursos multimedia que permiten interactuar con eles para **acceder a información en forma de texto, esquema, animación etc.** cunha proposta didáctica concreta.

Están pensados para xerar **dinámicas activas na aula** nas que o docente ten todo o control dos tempos e de como se xera o itinerario para chegar á apropiación de conceptos. Isto promove que se cuestionen e que sexan eles mesmos os que buscan a resposta.







## *Audiovisuais*

Vídeos sobre temas diversos e relacionados coas distintas áreas de estudo, que aproveitan o potencial da **linguaxe audiovisual**.

Son unha oportunidade de ver animacións, recreacións e imaxes que **axudan a comprender e profundar na información**.



### *Audios*

Arquivos sonoros que recollen **fragmentos literarios, musicais, testemuños de personaxes históricos, sons da natureza, pezas musicais** etc. Recursos que permiten focalizar na linguaxe, na expresión oral e nos elementos paralingüísticos, na súa comprensión, profundar no léxico etc.




Son o punto de partida para **promover actividades** de análises, comparación, reflexión e estudo de elementos clave da **linguaxe e a comunicación**.

### *Secuencias de imaxes*

Presentacións secuenciais de imaxes que poden ser utilizadas tanto polo docente como polo alumnado para:

- **Recuperar coñecementos previos**
- **Cuestionar**
- Presentar **relacións**
- Relacionar os contidos coa **realidade cotiá** etc.
- Contrastar e comparar






## Animacións

Recursos **multimedia en 3D** sobre temas diversos e relacionados coas distintas áreas de estudo, que aproveitan o potencial da linguaxe audiovisual para axudar a **comprender e analizar conceptos, feitos, procesos e situacións**.







## Textos

Fragmentos de textos literarios, xornalísticos, históricos, científicos etc., presentados para ser comentados, comprendidos, analizados e para realizar unha práctica a partir deles.

Poden converterse ademais no **punto de partida para investigacións, debates**, **comprensións de texto,** reflexións e **creación de novos tipos de texto, antoloxías etc.** por parte do alumnado.






## *Mapas conceptuais*

Esquemas que **sintetizan e estruturan os conceptos** fundamentais de cada tema de estudo.

O uso didáctico dos mapas conceptuais, na aula e fóra dela, ofrece unha enorme variedade de oportunidades: ademais de servir como **ferramenta gráfica para organizar** e representar o coñecemento, permite **avaliar os coñecementos**, utilizalo como **punto de partida** para a reflexión crítica ou para establecer relacións entre conceptos e elementos etc.







## *Cronoloxías*

Frisos cronolóxicos interactivos utilizados, principalmente, nas materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e Lingua Castelá e Literatura para **situar no tempo e no espazo feitos históricos e culturais relevantes e relacionados entre eles**.






### *Simuladores*

Recursos interactivos que axudan a reforzar os coñecementos nas áreas de Matemáticas e Física e Química mediante **a aplicación práctica** de distintas variables que o usuario pode modificar.




### *Documentos adxuntos*

Textos, mapas, esquemas, ilustracións, arquivos de audio etc. que acompañan a algúns recursos expositivos e que permiten aos alumnos e alumnas **reforzar ou ampliar os seus coñecementos ou dar as solucións ao docente.**



## Recursos de exercitación e avaliación

As **actividades** que se propoñen son de tipos moi variados para dar resposta a todas as necesidades do docente. Existen actividades de tipo individual e grupal, autocorrixibles, co-avaliables ou avaliables mediante rúbricas, actividades experimentais etc.




### *Actividades autocorrixibles*

Os recursos inclúen **actividades autocorrixibles** dunha gran variedade e que permiten o traballo de múltiples aproximacións á aprendizaxe. Trátase de exercicios interactivos que están relacionados co tema que se está traballando (conceptos, datos, feitos, procedementos), todos eles son autocorrixibles e mostran os erros e a solución.

Os exercicios pódeos usar o docente, xa sexa cun proxector, co taboleiro dixital interactivo ou nos ordenadores da clase. Tamén se poden asignar ao alumnado para que os realicen desde as súas casas como tarefas ou facelos visibles para que o alumnado traballe neles de maneira autónoma.



Os **tipos de exercicios** son:

- Relacionar palabras
- Relacionar palabras e frases
- Relacionar frases
- Escribir relacións
- Encher ocos
- Escribir ocos
- Encher ocos desde despregable
- Asociar imaxe a texto
- Asociar son a texto
- Test (só texto)
- Test con imaxe
- Test con vídeo
- Test con audio
- Test con texto longo
- Test validar escritura
- Ditado
- Test matemático
- Test atlas
- Situar etiquetas en imaxe
- Escribir etiquetas en imaxe
- Contedores
- Contedores de imaxes
- Encrucillado
- Ordenar secuencias segundo palabras
- Ordenar secuencias segundo audio
- Ordenar secuencias segundo vídeo
- Ordenar secuencias segundo texto con imaxe
- Corrixir textos
- Sinalar palabras dun texto
- Aforcado
- Sopa de letras

Todas estas actividades están asociadas a tres **niveis de dificultade,** tendo en conta as dificultades dos conceptos ou coñecementos que se tratan, os procesos cognitivos que requiren, o tempo necesario para resolvelos ou a formulación que se propón.

### *Actividades abertas*

As actividades de preguntas con resposta libre son actividades nas que o alumnado debe contestar en modo de redacción libre unha serie de preguntas preestablecidas.

As preguntas están pensadas para traballar os distintos niveis de complexidade dos procesos cognitivos e secuenciadas (a partir de cada subtema) dos procesos de pensamento, ordenados de nivel inferior a superior (Lembrar -> Comprender -> Aplicar -> Analizar -> Avaliar -> Crear) a partir da Taxonomía de Bloom revisada por Krathwohl.







Estas actividades quedan recollidas no *Banco de actividades*, un xerador de exames e avaliacións de resposta aberta que o docente pode seleccionar, modificar, ampliar e compartir co seu alumnado.

### *Banco de actividades ou xerador de exames*

En cada unidade ofrécese un Banco de actividades que inclúe de **20 a 30 preguntas de resposta aberta**. Estes exercicios, de carácter grupal e individual, permiten ao alumnado **exercitar** os principais temas da unidade e **desenvolver procesos cognitivos** desde distintos niveis de dificultade.

A ferramenta ofréceche tamén a posibilidade de xerar tantas actividades ou avaliacións como desexes. Só tes que seleccionar as preguntas que máis se axustan aos teus requirimentos.



### *Actividades colaborativas*

Os **proxectos, webquests**, técnicas de estudo, actividades competenciais e colaborativas… forzan a capacidade de expor preguntas, propoñer hipóteses, explorar, deseñar experiencias, buscar evidencias na contorna propia, analizar resultados ou extraer conclusións compartidas que deberán comunicarse.

Propóñense obxectivos (en formato de pregunta, problema etc.) específicos, situacións a resolver e retos a superar que deberán afrontarse grazas ao traballo colaborativo en grupo.







### *Proxectos disciplinares*

Os proxectos están organizados ao redor dun tema central e a partir dun problema ou situación (ou pregunta guía), próximo á realidade do alumnado. Cada proposta integra os **obxectivos de aprendizaxe** (que é o que se quere saber, saber facer e aprender), **a súa relación co currículo** (tanto a nivel de coñecementos como de competencias) e unha proposta de **organización do traballo**: presentación, planificación, desenvolvemento e presentación de resultados. Finalmente, proponse unha ferramenta de autoavaliación e avaliación entre pares.

Preséntase, a partir dun tema xeral significativo para os alumnos e alumnas, unha «pregunta guía» que os estudantes, en grupo, deberán resolver ou responder. O interactivo propón os pasos que se deben seguir, os obxectivos cognitivos e competenciais que se traballarán en relación co currículo, suxire a forma de organización e de asignación de tarefas, así como a planificación do mesmo. Facilítanse ferramentas para a autoavaliación, a avaliación entre pares, a coavaliación e a avaliación do docente.




Deste xeito, o traballo por proxectos sitúa ao alumnado no centro de aprendizaxe e favorece así a relación entre os contidos e o contexto e xera situacións conflitivas nas que deberán desenvolver e poñer en marcha habilidades sociais e afectivas, valores e calidades de carácter, á vez que promove o traballo colaborativo.

Ademais da posibilidade de traballar por proxectos, Aulaplaneta proporciona actividades colaborativas destinadas a poñer en práctica os coñecementos adquiridos nas distintas materias para mellorar as competencias básicas, desenvolver a súa capacidade de traballar en equipo e reforzar a súa autonomía persoal.

## Banco de contidos – Contorna de indagación

O Banco de contidos de Aulaplaneta é un apoio esencial para a implementación das metodoloxías activas e dá resposta a unha das túas necesidades cotiás no labor docente: acceder a unha base de contidos e de consulta única, fiable, rigorosa, ampla e actualizada nunha contorna segura para ampliar e enriquecer os coñecementos do teu alumnado e utilizala como recurso no proceso de ensino-aprendizaxe.

O acceso a esta contorna desde EDIXGAL atópase na columna dereita da pantalla e identifícase coa seguinte imaxe:




### Ferramentas do Banco de contidos

O Banco de contidos conta cun conxunto de ferramentas que ademais de facilitar o acceso aos diferentes contidos temáticos, ofrecen ao docente a posibilidade de dinamizar as súas clases, propoñendo unha visita virtual a un museo, comparando datos estatísticos de diferentes países, acudindo a un concerto virtual de Beethoven etc. Vexamos cales son estas ferramentas.

#### *Banco multimedia*

O **Banco multimedia** é un espazo onde podes atopar máis de 20 000 recursos multimedia catalogados por temáticas e formatos (vídeos, audios, fotos e mapas) para facilitar a navegación. Tamén inclúe unha nube de ***tags*** cos termos dos recursos multimedia máis buscados.




Podes utilizar as imaxes, gráficos, vídeos e animacións para ilustrar as túas explicacións ou como recursos para apoiar o uso de metodoloxias como a da ***flipped classroom***.

### Museo virtual

O **Museo virtual** é unha sala de recursos artísticos organizados por épocas e etapas artísticas: Prehistoria e Antigüidade, Idade Media, Renacemento, Barroco, século XVIII, século XIX, século XX e XXI. Cada período estrutúrase á súa vez en novos apartados e movementos onde atoparás imaxes e información sobre obras, estilos e artistas.

Pode servirche para comparar cos teus alumnos e alumnas estilos pictóricos ou contrastar a obra de artistas do mesmo período.

Tamén serve para analizar unha obra en profundidade ou coñecer os principais datos e características das obras máis importantes da historia da arte.




### Atlas

O **Atlas** é unha sección do Banco de contidos que permite explorar o mundo partindo dun mapamundi interactivo que podes percorrer, ampliar e reducir segundo as túas necesidades e consultar con vista satélite ou como atlas político.



É ideal para repasar a xeografía de cada país, zona ou continente e para poñer a proba os coñecementos dos teus alumnos e alumnas respecto á situación de cada Estado no mapa ou á distribución das súas comunidades ou rexións.

*Cartografía*

A **Cartografía** do Banco de contidos de **Aulaplaneta** é un catálogo onde podes consultar todo tipo de mapas: físicos, políticos, históricos, de poboación, económicos, climáticos... Podes exploralos a partir do mapamundi interactivo da páxina principal ou a través da secuencia «Continente», «País» (con buscador) ou «Comunidade autónoma».




Así, terás a man, por exemplo, todo tipo de mapas informativos da túa comunidade e tamén mapas mudos para practicar xeografía co teu alumnado en clase ou repasar acontecementos históricos, batallas ou cambios de fronteiras.



## *En profundidade*




**En profundidade** é un espazo que inclúe numerosos artigos divulgativos e de actualidade con moitos recursos relacionados para que poidas profundar no tema tratado. Están clasificados nos apartados **Ciencia**, **Cultura**, **Historia e Política**, **Sociedade** e **Tecnoloxía**, o que facilita a súa consulta.

Podes utilizalos para comentar en clase temas tan diversos como o cambio climático, o conflito palestino-israelí ou a situación do español no mundo. Tamén serve para que o teu alumnado coñeza a personaxes tan brillantes como a matemática Ada Byron, o escritor Cervantes ou o político Nelson Mandela.




## *Navegador visual*

O **Navegador visual** é unha ferramenta interactiva que, a modo de rede dixital, vincula miles de conceptos de todo tipo. Inclúe un buscador para localizar o concepto de partida e, a partir deste, desprega de maneira visual diversos conceptos relacionados, propoñendo as conexións entre conceptos, áreas, personaxes, etapas, inventos, sucesos etc.







É moi útil para localizar e visualizar información a partir dun tema principal. Realiza **máis de 300 000 asociacións**, e presenta algúns temas de exemplo. Co navegador visual podes animar aos teus alumnos e alumnas a investigar de forma autónoma e desenvolver a súa capacidade para establecer relacións entre conceptos.

*Temapedia*

A sección **Temapedia** ofrece unha selección de información e artigos temáticos de carácter educativo organizados por áreas: Pensamento e Relixión, Expresión e Educación Física, Ciencias Experimentais e Tecnoloxía, Ciencias Sociais, Lingua e Literatura e Matemáticas. A información dentro de cada unha estrutúrase á súa vez en bloques, temas e contidos.




É moi útil para **expor debates** en clase sobre temas éticos e explicar a través de textos educativos todo tipo de conceptos relacionados coas materias tratadas. Ademais, os seus artigos e recursos constitúen un gran reforzo en materias non desenvoltas ao completo na plataforma, pero si tratadas aquí, como **Filosofía**, **Ética**, **Relixión**, **Educación Plástica**, Música, **Debuxo Técnico**, **Educación Física**, **Historia da Arte**, **Cultura Clásica**, **Economía**.







## *Cronoloxía*

A **Cronoloxía** é unha ferramenta do Banco de contidos que permite acceder aos fitos históricos e os principais feitos en orde cronolóxica e navegar polas etapas da historia de forma interactiva e visual. Basta con escoller unha liña de tempo e seleccionar o ano para visualizar as recensións dos acontecementos máis importantes.






Coa cronoloxía podes contextualizar en clase os temas tratados e convidar ao teu alumnado a descubrir os principais fitos de cada época histórica ou artística.

### *Corpo humano*

O **Corpo humano** é un espazo que percorre os distintos sistemas e aparellos do corpo e ofrece contidos teóricos e recursos multimedia sobre os distintos órganos e elementos que os conforman.




É de gran utilidade para repasar cos teus alumnos e alumnas a anatomía humana de maneira visual e amena e para descubrirlles datos e curiosidades sobre o funcionamento do noso corpo.



## *Historia audiovisual de España*

A **Historia audiovisual de España** ofrece unha selección de recursos audiovisuais que axudan a descubrir a historia de España desde a Prehistoria ata os nosos días. Organízanse por temas e localízanse sobre un mapa, ademais de completarse con información sobre o contexto histórico.




O teu alumnado poderá comprender mellor algúns dos principais fitos da historia española e asistir a momentos tan importantes como a inauguración do primeiro ferrocarril peninsular, o estalido da Guerra Civil ou a aprobación da Constitución en 1978.




## *Biblioteca universal*

A **Biblioteca universal** do Banco de contidos ofrece información e fragmentos de máis de 2 000 obras literarias e documentos históricos, organizados por temáticas: Literatura, Historia, Pensamento e Relixión, Ciencias da Natureza, Física e Química, Xeografía e Economía, Matemáticas e Arte. Tamén podes navegar a través da selección de autores destacados.




Podes utilizar os fragmentos de obras seleccionados para **preparar comentarios de textos** para o teu alumnado en distintas materias ou usalo como «documentos reais».



*Estatísticas*




A sección de **Estatisticas** ofrece unha recompilación de datos estatísticos a nivel mundial, rexional e nacional actualizados segundo as publicacións do Banco Mundial. Os datos, que se organizan por países ou indicador, están ao día, proceden de fontes internacionais oficialmente recoñecidas e foron compilados polo Banco Mundial.

Pódese acceder a cada estatística en formato textual e gráfico, o que facilita a súa análise. Ademais, o comparador permite personalizar as estatísticas ao teu gusto e comparar indicadores de distintos países.



Se queres saber máis sobre a sección de estatísticas, consulta **este artigo do blog de aulaPlaneta**, onde se ofrecen varias ideas para utilizar as estatísticas nas túas clases.

*Sala de audición*

A **sala de audición** ofrece unha biblioteca sonora con **máis de 600 fragmentos das obras máis importantes da música clásica**. Inclúe un buscador e listaxes de compositores e títulos para atopar a peza que necesitas en cada caso.



Os recursos recolleitos nesta sección do Banco de contidos poden axudarte a **fomentar a cultura e a sensibilidade musicais** entre os teus alumnos e alumnas e a ilustrar, grazas á longa lista de composicións, o ánimo de cada época ou período histórico.

